galicia confidencial

A cineasta galega Margarita Ledo premiada no Festival de Sevilla por 'Nación'

Esta obra sobre a loita das operarias da fábrica de cerámica A Pontesa --que pechou en 2001 en Ponte Sampaio, en Pontevedra-- mestura arquivo documental con testemuños destas mulleres na actualidade e escenas ficcionadas.



O Festival de Sevilla outorgou a 'Nación', da directora galega Margarita Ledo --Castro de Rei, 1951--, o '**Premio Especial á mellor dirección da película española que teña a súa estrea nacional ou mundial**' no certame.

Esta obra sobre a loita das operarias da fábrica de cerámica A Pontesa --que pechou en 2001 en Ponche Sampaio, en Pontevedra-- mestura arquivo documental con testemuños destas mulleres na actualidade e escenas ficcionadas.

Tras facerse público o galardón, **Margarita Ledo deu as grazas a través de redes sociais ao festival e ao equipo que formou parte da película,** nunha mensaxe en que se mostra "feliz".

"**A elas, as exoperarias, as expulsadas do traballo, condenadas de novo ao silencio, á esfera doméstica, por dicir: 'Non, grazas!**", así dedicou Ledo este galardón.

Precisamente, o Festival **Cineuropa**, que se celebra en Santiago de Compostela estes días, **tamén premiou na actual edición á autora** pola súa traxectoria.

VALORACIÓN DO XURADO

O xurado do Festival de Cinema Europeo de Sevilla 2020, composto Marina Díaz e Lourdes Palacios, valorou que "este complexo traballo de investigación histórica e visual ofrécese como unha precisa **alegación a favor da memoria das mulleres galegas que traballaron nas fábricas da incipiente modernización do século XX**, e despois sufriron as consecuencias da reconversión industrial".

"A **delicada aproximación a través da documentación e da reconstrución do imaxinario** da contorna, do contexto e das súas vidas encárnase a través do retrato de varias mulleres, verdadeiras protagonistas do relato. Áchanse

acompañadas por outras testemuñas da tradición que elas encarnan; mulleres máis novas que reelaboran esta memoria como discurso, de maneira artística e desde a contemporaneidad", recoñece.

"Facemos especial mención do tratamento sonoro da película que, sen dúbida, é crucial para afirmar, aínda máis, o impresionante valor das imaxes que compoñen o documental", valora o xurado.

Todo iso, nunha edición do Festival de Sevilla na que 'Malmkrog', do director romanés Cristi Puiu, levou o Giraldillo de Ouro a mellor película.

Fonte: galiciaconfidencial.com/